

Información para entidades de formación

Accións formativas dirixidas á adquisición e mellora de competencias profesionais con impacto no mercado laboral conducentes a unha formación total ou parcial incluída nun certificado profesional, ou á adquisición de competencias clave das persoas traballadoras desempregadas.



Orzamento 2024-25
76.000.000€

TR301K

Prazo límite de execución das accións formativas
30 de setembro de 2025



Entidades beneficiarias

- As entidades titulares de centros ou entidades de formación acreditados e/ou inscritos para impartir ofertas do Sistema de Formación Profesional no ámbito laboral de Galicia naquelas especialidades formativas e para aquelas modalidades para as que soliciten a subvención.
- As entidades que soliciten impartir a formación na modalidade virtual deberán contar con autorización previa para a impartición das especialidades solicitadas na modalidade presencial.



Modalidades de impartición

- As accións formativas poderán impartirse na modalidade presencial ou virtual (teleformación).
- As accións formativas dirixidas a impartir competencias clave desenvolveranse unicamente na modalidade presencial.
- Nos supostos previstos na orde, poderá facerse uso da aula virtual utilizando o campus virtual da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.



Intensidade da axuda

- O réxime de concesión e xustificación da subvención será a través de módulos económicos.
- A contía da subvención calcularase en función do nº de participantes previstos, do nº de horas do programa formativo e dos módulos económicos específicos por participante e hora de formación recollidos, para cada especialidade e en función da modalidade de impartición, no anexo IV.
- A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos criterios de avaliación técnica establecidos na orde.

Anticipo de ata o
60% do total
do importe concedido

Información para entidades de formación

Accións formativas do Plan Formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas)

TR301K



Presentación de solicitudes

- As solicitudes presentaranse **obrigatoriamente por medios electrónicos**.
- Cada entidade de formación **poderá presentar unha única solicitude por provincia**, e **incluírá nela todas e cada unha das accións formativas a impartir en dita provincia** para as que solicita subvención.
- As accións formativas solicitadas **deberán ir ordenadas en función da prioridade de impartición da entidade solicitante**.
- Cada acción formativa **está constituída polo contido específico da especialidade formativa** a impartir e **polos módulos formativos transversais**. Para o caso concreto recollido no artigo 23.3 da orde de bases, a acción formativa estará constituída pola oferta formativa do grao C, a competencia clave e os módulos formativos transversais.

+ Info sede



Pulsa
para acceder



Prazos

- O **prazo de presentación** de solicitudes será dun mes, a contar dende o día da entrada en vigor da orde.
- A **data límite de remate** das accións formativas que se desenvolvan exclusivamente **durante a anualidade de 2024 será o 20 de decembro de 2024**. Para as accións formativas que se desenvolvan **durante as anualidades 2024 e 2025 ou exclusivamente durante a anualidade 2025**, a data límite para a súa finalización **será o 30 de setembro de 2025**.
- A **xustificación da subvención** concedida deberá realizarse no prazo **dun mes dende o remate da acción formativa**.



Obrigas das entidades beneficiarias

- As **entidades beneficiarias** deberán **cumprir**, entre outras, as seguintes obrigas:
 - » **Impartir as accións formativas** con suxeición aos **requisitos establecidos na convocatoria**, aos **compromisos asumidos** e ao **disposto na resolución de concesión**.
 - » **Incorporar ao sistema informático SIFO** e nos prazos establecidos **toda a información e documentación requirida**.
 - » **Expor no taboleiro de anuncios e na páxina web** do centro o **programa completo** da acción formativa, os **dereitos e deberes** do alumnado, a **relación do persoal docente** e o **horario**, facendo mención expresa aos **organismos que a financian**.
 - » Nas **actividades presenciais** realizar o **control de presenza** baseado en código QR e/ou DNI-e.
 - » Contratar os **seguros de accidentes** para o alumnado e **de responsabilidade civil**, para as accións formativas a impartir na modalidade presencial así como para a parte presencial da modalidade de teleformación e/ou mixta, que **cubra os riscos durante a formación e o desprazamento ao lugar de impartición das clases, visitas, titorías e demais actividades**.
 - » Realizar os **cuestionarios de avaliación da formación por parte do alumnado** que determine a orde.
 - » **Non tratar os datos persoais que lles poidan ser facilitados** pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración **para fins propios fóra do ámbito de xestión das actividades formativas** subvencionadas, en particular, con fins publicitarios ou de mercadotecnia, **nin comunicalos a ningún terceiro** fóra dos supostos legalmente previstos.